



Anuncio do tribunal de selección polo que se fan públicas as cualificación das persoas aspirantes que realizaron o primeiro exercicio do procedemento para a obtención ou habilitación a outros idiomas da habilitación de guías de turismo especializados de Galicia, e se lles convoca á proba de lingua galega

En sesións que tiveron lugar o 17.09.2019 e 05.11.2019, o tribunal de selección nomeado para cualificar as probas para a obtención ou ampliación a outros idiomas da habilitación de guías de turismo especializados de Galicia, en virtude da *Resolución do 13 de maio de 2019 pola que se convocan os exames para a obtención ou ampliación a outros idiomas da habilitación de guías de turismo especializados de Galicia*, ACORDOU:

Primeiro.- En base ás reclamacións presentadas

1.- Anular as preguntas 7, 13 e 28 do cuestionario tipo test, incorporándose as tres primeiras preguntas de reserva.

2.- Facer as seguintes correccións na plantilla de respostas:

Pregunta	Resposta
31	A
68	D

3.- Desestimar na súa totalidade as restantes reclamacións e alegacións presentadas ás preguntas do cuestionario tipo test.

Segundo.- Publicar a puntuación obtida polas persoas aspirantes que realizaron a dita proba, que se xunta como anexo a este anuncio. En virtude do disposto na base 15.1 da convocatoria, para superar esta proba será preciso ter contestado correctamente, polo menos, á metade das preguntas do cuestionario; é dicir, terán a consideración de aspirantes apto/as os/as que obtiveran un número total de respostas de 40 (incluído) e superior, unha vez aplicados os descontos correspondentes (unha resposta correcta por cada tres mal contestadas). As ditas cualificacións poden consultase no anexo I.





Terceiro.- Convocar ás persoas aspirantes que se relacionan no anexo II á realización do segundo exercicio do proceso de habilitación de guías, que terá lugar o venres 15 de novembro de 2019 na aula 206 do Centro Superior de Hostalería de Galicia ás 11.00 horas (estrada Santiago – Noia, km. 3, 15897 Santiago de Compostela).

Este segundo exercicio será de carácter eliminatorio e constará de dúas probas:

b.1. Primeira proba: consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego, elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.

b.2. Segunda proba: consistirá na tradución dun texto do galego para o castelán, elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.

O tempo máximo para a realización do exercicio será dunha hora. As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización deste exercicio provisto do seu DNI ou calquera outro documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

Cuarto.- Publicar esta resolución cos seus anexos nos lugares establecidos na base 15.2 da convocatoria.

Santiago de Compostela

A presidenta

Laura M^a González-Dopeso Portela

